

A secuenciación dos contidos implica establecer as secuencias progresivas de ensino dos distintos contidos educativos, ó longo dos distintos ciclos. Estas secuencias deben garantir a continuidade no tratamento dos contidos xerais, dun ciclo a outro, e establecer as pautas de progresión máis adecuadas.

A secuenciación debe evitar as repeticións innecesarias, e baleiros inxustificables de contidos. Debe contemplar, nembargantes, un tratamento equilibrado dos distintos contidos a longo da etapa e do establecemento das interrelacións adecuadas, tanto verticais (entre ciclos), como horizontais (entre contidos de distintas áreas dun mesmo ciclo).

A secuenciación dos contidos

□ MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ

A hora da secuenciación dos contidos o equipo docente debe responder a preguntas como as seguintes: ¿cales deben ser os contidos dos diferentes ciclos?, ¿cal é a orde máis adecuada de presentación, ¿cómo se deben agrupar e organiza-los diferentes contidos de xeito que favorezcan a aprendizaxe en relación cos obxetivos xerais?, ¿cómo establecer unha progresión adecuada, que permita un coñecemento cada vez profundo e funcional, ¿cómo debemos temporalizarlos a longo de todo-os ciclos dunha etapa? Respondendo a estas preguntas, o equipo docente debe ser capaz de establecer criterios de distribución e secuenciación de contidos, previsións sobre a súa organización e pautas para a súa temporalización.

Criterios de secuenciación

Seguindo a Del Carmen (1990, 1991) utilizaremos como criterios básicos para a realización da secuenciación de contidos:

- *A súa adecuación en relación co desenvolvemento evolutivo dos alumnos.*

- *Trataremos de establecer a óptima entre o que os alumnos e alumnas son capaces de facer e os novos contidos que tratamos de ensinar.*

- *Coherencia coa lóxica das disciplinas das que dependen os contidos de aprendizaxe.*

- *Cada disciplina ten unha lóxica interna e uns modelos de desenvolvemento propios. Como sinala Ausubel, a comprensión dos contidos educativos será facilitada se se organizan e se secuencian de xeito que a súa lóxica interna e desenvolvemento se fagan comprensibles.*

- *Adecuación dos novos contidos ós coñecementos previos dos alumnos e alumnas.*

- *Esta adecuación require unha exploración das ideas e as experiencias previas dos alumnos en relación co que pretendemos ensinar.*

- *Priorización de determinados*

tipos de contidos á hora de organiza-los secuencias.

Debemos buscar que Zabala e Del Carmen chaman contidos organizadores e de soporte. De feito o enfoque dalgunhas áreas do DCB leva implícita esta priorización. Así na área de lingua os contidos procedementais (lectura e escritura) organizan a secuen-


A organización dos contidos vén determinada pola forma en que se articulan

A temporalización debe ter un carácter orientativo

ciación, aparecendo os aspectos conceptuais e actitudinais na medida na que son necesarios para a aprendizaxe dos procedementos básicos.

- *Delimitación de ideas-eixe.*

- *A estruturación da secuencias garántase se hai ideas centrais que actúan como eixes de*



desenvolvemento. Ideas que deben sintetizar os aspectos fundamentais que se queren ensinar.

- *Continuidade e progresión.*

- *O ensino dos contidos fundamentais de cada área debe ter continuidade ó longo dos diferentes niveis educativos. Os alumnos e alumnas deben poder relacionar e progresar adecuadamente, de forma que relacionen cada proceso novo co aprendido anteriormente. Esta idea de curriculum en espiral axuda á construción progresiva dos coñecementos e permite unha atención adecuada á diversidade dos grupo-clase.*

- *Equilibrio.*

- *Debemos comprobar, unha*

vez establecida a secuenciación, se os diferentes tipos de contidos cobren todos os aspectos e non se pon énfase de máis en uns, en menoscabo doutros.

- *Interrelación.*

- *Os diferentes contidos deben aparecer fortemente interrelacionados, de xeito que os alumnos comprendan o seu sentido e se facilite a aprendizaxe significativa.*

- *A organización dos contidos vén determinada pola forma en que se articulan e as relacións que se establecen entre eles nas programacións escolares.*

- *O problema da organización dos contidos neste apartado non é unha cuestión de como se ha de ensinar, ou sexa metodolóxi-*

ca, senón que unicamente fai referencia a como se presentarán os diferentes contidos das diversas áreas. Deberemos contestar a preguntas como estas: ¿de que maneira relacionaremos os contidos dunha mesma área e entre diferentes áreas para que a súa organización facilite acadá-los obxetivos?, ¿de que maneira deben de estar integrados os contidos para ofrece-los modelos que permitan entender a realidade?

A resposta do equipo docente traducirase nunha determinada organización dos contidos, cuns lazos e separacións que determinaremos á hora de establecer as unidades didácticas, as previsións horarias, etc...


TEMPORALIZACIÓN

Macrosecuencias

A secuenciación dos contidos infórmanos de cal é a orde do seu tratamento, pero pouco nos dá sobre en que ciclos ou niveis se deberán traballar, nin o tempo que se lle ten que dedicar.

A temporalización debe ter un carácter totalmente orientativo. Sen embargo, o equipo docente deberá distinguir entre a elaboración de macrosecuencias, que definirán a grandes rasgos a distribución dos contidos para períodos longos de tempo (un curso, como mínimo), e a elaboración de microsecuencias, que comportará o deseño de conxuntos de unidades didácticas –unidades que se utilicen para estruturar as actividades de ensino-aprendizaxe– nun período do curso escolar.

A elaboración de macrosecuencias corresponderá ós equipos de etapa, seminarios ou departamentos, e a elaboración de microsecuencias ós equipos de ciclo.



GRUPO ATI



No colexio Salesianos de Vigo e desde fai tres anos o grupo "ATI" (Aula de Teatro Infantil) leva adiante unha experiencia tremendamente interesante con rapaces e rapazas de Ensinanza Xeral Básica. Trátase de crear unha actividade onde os nenos manifestan a súa expresividade a través do teatro. E unha auténtica escola de teatro. Os obxetivos que se plantexa o grupo son

fundamentalmente dous: Fomenta-lo teatro infantil e inculcar no neno/a valores educativos e de convivencia: compañerismo, amizade, solidariedade, traballo en equipo, respecto..... "ATI exige pola súa banda: asistencia aos ensaios, actitude de colaboración, responsabilidade e respecto, interés e gusto polo teatro, participar nas distintas actividades do ATI.

O grupo está formado por 30 nenos e nenas de EXB

Un dos seus obxetivos é inculcar valores educativos e de convivencia

Educación a través del teatro

□ JOSE ANTONIO LABANDEIRA

A decisión de pertencer ó ATI debe ser personal e libre.

A finalidade do grupo é crear a favorecer a amizade e a relación entre os seus compoñentes. Por eso é importante que ademais da montaxe dun espectáculo teatral e de realizar xogos teatrais, mímica, expresión corporal.... tamén se fagan actividades que axuden a favorecer a relación entre os nenos e nenas: festas, excursións, concursos..... O ATI do colexio conta trinta nenos e nenas. Todos eles son estudantes de EXB.

A actividade témolos tódolos venres de 6 a 8 da tarde.

Unha sesión do ATI

O primeiro que se fai cando se inicia unha sesión do grupo é cantar o himno do mesmo. Despois hai un breve saúdo e o director dá algúns avisos de interés.

A continuación realízanse uns exercicios previos e de toma de contacto:

- Articulacións.
- Movemento de escea.
- Vocalización.

E xa a segunda parte da sesión se adica a ensaiar algunha obra de teatro. Este ano, en concreto, estase a preparar: "Sonrisas e lágrimas".

O ano pasado traballouse na obra "Si los niños gobernáramos", orixinal de José Antonio Labandeira.

A obra mantense actualmente en escea con bastante boa acollida. Trátase dunha montaxe onde se presenta a problemática do mundo do poder.

Os rapaces, a través de xestos, cancións e das súas voces... ofrécennos a posibilidade dun mundo máis humano, máis xusto e máis feliz.

Cada sesión cos rapaces dura



dúas horas. O rematar sempre hai algún momento para charlar e dialogar con eles e entre eles. Desde xeito se favorece a comunicación no grupo.

Traballar con rapaces é realmente estupendo. En ocasións levanse a cabo traballos adecuados para favorecer a relación entre tódolos membros do grupo:

- Encuestas.
- Xogos unipersonais e de grupo.
- Felicitación de cumpleaños.
- Cancións.

A colaboración dos pais dos nenos é realmente extraordinaria. Están ahí e podes contar con eles en calquera momento.

E un apoio desde afora, sin in-

terferir para nada na marcha interna do grupo. Cada tres ou catro meses os pais reciben unha folla onde se lles informa das distintas actividades que realiza o grupo. "El ATI informa. E importante que os pais se sintan como parte integrante do grupo e tamén son invitados a participar nalgúns encontros o festas. Des-

ta maneira a integración é total e completa. Trátase de crear un ambiente de familia, de amizade e de colaboración. Os pais, a través dos seus fillos, están comprometidos con ATI.

Os rapaces que forman parte de ATI aportan una cuota trimestral.

Ademais tamén axuda a Asociación de Pais do centro e o mesmo colexio, a través do seu Consello Escolar. A maior parte dos gastos deste tipo de actividade están na montaxe dunha obra de teatro: decorados, vestuario, complementos, etc....

O estreno

Unha vez que a obra de teatro está preparada para levar a escea ten lugar o estreno. E un día máximo, cheo de ilusión e emoción.

Os rapaces prepáranse dunha forma especial para este día tan importante. Créase un ambiente favorable para este acto: publicidade, cartéis, invitacións e a asistencia incondicional dos pais e familia dos nenos.

O estreno ten lugar no Cine Salesianos. Alí remata un traballo de todo o curso e comenza unha nova andadura con novas representacións noutros lugares e ante distintos públicos.

Coa obra "Si los niños gobernáramos" estívoose dúas veces no Cine Salesianos, na Escola de Maxisterio e no colexio público de Frián-Teis. En breve o grupo actuará en el Auditorio do Concello de Vigo.

O feito de representar por distintos lugares da cidade e comarca é moi interesante para os rapaces, logrando unha experiencia nova para eles e para tódolos compoñentes do Aula de Teatro Infantil.

GRUPO ATI



A finalidade da Aula de Teatro Infantil

□ JOSE A. LABANDEIRA

Cando me animei a crear un ATI (Aula de Teatro Infantil) no colexio tiña moi claro o que quería. Destaco como primeiro obxectivo e máis importante o valor educativo e formativo dos nenos. Para conseguilo o medio elixido foi o teatro.

Panso que a través de él pódense conseguir moitos e bos resultados.

Os rapaces teñen que ter necesariamente lugares de encontro, aparte das aulas e clases, onde se manifesten coa súa naturalidade, espontaneidade e creatividade.

Desta maneira podemos lograr nos nenos e nenas os seguintes valores:

- amizade.
- esforzo persoal.
- responsabilidade.
- disciplina.
- convivencia.
- entrega compartida.
- relación grupal.
- interés.
- entusiasmo.
- participación.

Poderíamos engadir outros moitos aspectos pero penso que a idea está clara.

Non é fácil conseguilo. Xurden



"Destaco como primeiro obxectivo o valor educativo e formativo dos nenos".

problemas de todo tipo, tanto técnicos, de organización como de relación entre os propios rapaces.

Darlle tempo

Non cabe duda de que a todo

hai que darlle o seu tempo e o seu aprendizaxe.

O grupo de rapaces e rapazas vai madurando pouco a pouco e isto vaixe logrando coa participación e dispoñibilidade sinxela de todos.

E moi importante a idea de gru-

po. Todos: nenos, pais, dirección, colexio, somos responsables directos da marcha da Aula de Teatro Infantil.

O compromiso ten que ser compartido.

Os resultados veñen ensinados.

Lograr ambiente de grupo

Na miña experiencia poido contarvos que para lograr un ambiente de grupo utilizo diversas técnicas todas elas moi sinxelas.

O principio facemos unha pequena encuesta a cada un dos nenos e nenas, na que deberemos incluír as seguintes preguntas:

- ¿Por qué che gusta pertencer ó ATI?
- ¿Tes algunha experiencia teatral?
- ¿Qué traballo gustaríache desenrolar no ATI?
- ¿Qué é o máis importante para tí no ATI?

Máis adiante facemos unha personal:

- ¿Admiras algún persoaxe? ¿Por qué?
- Dí algo que che faga feliz.
- Di aquilo que che gusta de tí mesmo.
- ¿Qué é o que consideras de tí como máis positivo?
- ¿Cal foi o teu maior logro persoal?
- Indica algo que cambiarías da túa persona
- ¿Qué é o que máis admiras nunha persona?

E tamén interesante facer na metade do traballo unha revisión cos rapaces pra ver a marcha do grupo. Póñense na sala de ensaios e distribuídos por grupos: consiste en que sinalen cinco aspectos que consideren deben mellorar no ATI e, por outra banda, 5 aspectos que consideren van ben no grupo.

Posta en común

As conclusións, en forma de posta en común son realmente interesantes e significativas.

Para conseguila idea que temos de grupo tamén e moi necesario facer saídas, excursións, etc...: convivencias-festas, con participación de todos. Nelas pódense organizar xogos e concursos.

H I M N O

Somos niños

*Somos niños y nos gusta cantar
somos niños y queremos sonreír
somos niños y buscamos tu amistad.*

El grupo ATI nació para llevar ilusiones para crear amistad y alegrar los corazones

*Somos niños y nos gusta cantar
somos niños y queremos sonreír
somos niños y buscamos tu amistad.*

El grupo ATI creció fomentando la verdad y creando entre nosotros lazos de fraternidad

Queremos lanzar al viento un grito de libertad:
¡Viva el teatro, viva el ATI, símbolos de amor y paz!



LIBRO

“Léxico ecopacifista”, de Calo Iglesias

□ ANTON FERNANDEZ ALVAREZ

Non fai aínda un mes que ven de ver á luz esta nova publicación realizada polo Seminario Permanente de Educación para a Paz do SGEI-CXTG e elaborada polo coordinador do dito Seminario educativo e coñecido membro de distintos grupos de educadores para a paz, Calo Iglesias, e que hoxe nos dispomos a comentar brevemente nesta sección.


Escolma na que atopamos un bo número de conceptos desenvolvidos, moitas das veces, a partir de valoracións, nunha clara aposta a prol da paz, a xusticia e o respecto ós seres humanos e á natureza en xeral.

Parece, pois, evidente para o autor, que diante dos problemas que hoxe ten plantexados a humanidade e que se reflectan e moitos dos conceptos que aparecen no presente léxico, non son posibles—nin desexables— as posicións de neutralidade e pretendida asepsia. Os problemas aquí reflectados, penetrados na súa totalidade por contidos de carácter ético-moral, político e, en xeral, ideolóxico, esixen—polo tanto— (e por dicilo con palabras do profesor Puig Rovira), unha reorientación ética dos principios que regulan as relacións entre os homes, as mulleres e os pobos, e as relacións destes e destas co seu entorno natural.

É clara tamén, ó longo da maioría dos conceptos reseñados no Léxico, a conexión dos mesmos e dos problemas que tentan trasladar co ámbito educativo. Deste xeito, a través deles podemos decatarnos da fonda preocupación que anima ó seu autor por dito ámbito. Como bo representante dos educadores pola paz que é, aposta claramente por unha actitude pedagóxica baseada na toma de conciencia e encamiñada cara o logro dun nivel reducido de violencia e elevado de xusticia. Unha actitude pedagóxica que non só posibilite, senón que prime a formación de seres humanos activos e responsables, capaces de dominar as súas pulsións agresivas e de resolver os conflitos de xeito non-violento.

Autonomía

Hai unha decidida aposta por un modelo de educación cuidadoso do cultivo da autonomía de cada un de nós e das nosas capacidades de autodeterminación e liberación, da posibilidade de sermos quen de dotarnos de criterios de actuación de maneira



autónoma, racional e cooperativa en situacións de conflito de valores. En definitiva, compre que digamos que detrás de moitos dos conceptos que podemos atopar neste léxico hai unha firme aposta no convencemento de que a transformación desta sociedade depende en moito dun xeito de educar baseado no diálogo e na autonomía.

Poderíamos resumi-lo dito ata aquí dicindo que, dende o noso punto de vista e ademais de outros moitos aspectos positivos do léxico que nos ocupa, son de subliñar de xeito claro os tres aspectos ós que ata aquí viñemos facendo referencia e que resumimos do xeito que sigue:

a) unha clara aposta de compromiso pola construción democrática dunha nova cultura da paz positiva;

b) o carácter aberto e, polo tanto, dialogante co que está construído o léxico, cunha invitación clara a que nos convirtamos en lectores-autores, participes da súa construción futura. (E ben sabemos nós que o autor é firme

Este “Léxico ecopacifista” que temos diante, trátase en realidade—como xa se nos advirte no seu Limiar— dunha escolma de 140 conceptos relacionados co ámbito do ecopacifismo, ordenados alfabeticamente e abertos a posibles (e—como non, xa que así o manifesta o autor— desexables) propostas de corrección, modificación, supresión ou engadido.

de discutilos co autor con mais calma. Neste sentido engadiría conceptos como: Democracia (referido á educación), como elemento imprescindible dende o punto de vista de opcións pedagóxicas como as que no léxico se traslucen. Desenvolvemento, tanto referido ás súas relacións coa carreira de armamentos como referido as propostas de solución dos problemas ecolóxicos que o actual modelo de desenvolvemento implica.

Novos Movements Sociais

Novos Movements Sociais, término xenérico no que se insertan, entre outros, os movementos pola paz, o movemento ecoloxista, o movemento feminista, os movementos pro-Dereitos Humanos, etc., e tras dos que se atisba unha revitalización da utopía, a proposta de novas formas de vida e valores, e dunha nova cultura política. Autonomía, como elemento imprescindible do ámbito educativo. Diálogo, tanto referido ó diálogo Norte-Sur, como a elemento educativo. Xusticia, como finalidade dunha concepción positiva da paz e da educación para a paz. Disenso, elemento tan válido e necesario coma o consenso e claramente relacionado coa desobediencia. Emigración, concepto do que coído, sobre todo dende a perspectiva galega, non debíamos desbotar unha análise das súas causas e consecuencias. Xenofobia, sobre todo se pensamos no desgraciado “revival” que na actualidade ten o tema no ámbito europeo.

Sinalar tamén que me parece interesante ampliar e afondar na análise do término Desobediencia (referido a Desobediencia Civil), pois coído que hoxe non se poden deixar fora análises teóricas coma os representados por autores como J. Habermas, J. Rawls ou R. Dworkin (por citar algúns), ou os traballos de J.F. Malm Seña, Ramón Soriano, Marina Gascón, ou Esteves Araujo, por circunscribirmos ó ámbito do estado español.

creente en que alén do hoxe hai tamén un sol que nace);

c) a fonda preocupación educativa que se trasluce na definición de moitos dos conceptos, nunha aposta aberta pola educación non só en valores como a paz e a ecoloxía, senón tamén por unha educación non androcéntrica e por unha educación intercultural.

Conceptos

Finalmente e para rematar (non sin antes pedirles disculpas ó autor por non te-lo feito no seu día, pero ben sabe el que outras ocupacións me impediron seguir a construción do léxico coa adición debida), acóllome a súa invitación á construción dialogante do léxico e voume permitir sinalar algúns conceptos que non aparecen recollidos na presente edición e que sen embargo creemos importantes. Tomo, pois, a liberdade de simplemente enunciar algúns conceptos (pois o espazo do que dispoñemos non da para máis); iso sí, co compromiso



VI Encuentros de Educación para a paz

Os días 27, 28 e 29 de este mes desenrolaranse en Santiago de Compostela os VI Encuentros de Educación para a paz, adicados nesta ocasión o “Ecopacifismo”, que organiza el Seminario permanente de educación para a paz do SGEI/CXTG. O programa a desenrolar será o seguinte:

Venres, día 27, na Aula de Cultura de Caixa Galicia:

18,30 h.: recepción.

19,00 h.: Apertura a cargo de Ramón Villares.

19,30 h.: Ponencia: “A ecoloxía como paradigma”, por Francisco Garrido Peña, da Universidade de Granada.

Sábado, día 28, na Aula de Cultura de Caixa Galicia:

10,00 h.: Ponencia: “Educación ambiental, realidades e perspectivas”, por J.A. Caride Gómez.

12,00 h.: Presentación de unidades didácticas: “Ecopacifismo”, por Moisés Lozano (SPEPP) y “Léxico ecopacifista”, por Calo Iglesias (SPEPP)

12,30 h.: Presentación de obradoiros ecopacifistas: A Coruña: I. Xelmirez. Reciclado de papel; C.P./ de Dorrón: tintes naturais; C.P. de Xuño: repoboación forestal; C.P. de Cambados: experiencia ecopacifista; SPEPP: barómetro de valores e Xevale: experiencias ecopacifistas.

Pola tarde no Instituto Rosalía de Castro:

16,00 h.: Obradoiros simultáneos e actividades participativas.

Na Aula de Cultura de Caixa Galicia:

19,00 h.: Mesa redonda: “Ecopacifismo en Galicia. Estado da cuestión”. Participan: Adegas, SGHN, Xevale, SPPEPP, Concello de Oleiros e Greenpeace.

Domingo, día 29, no salón da Fundación Araganey:

10,30 h.: Ponencia: “O ecopacifismo en Europa. ¿Cara un partido verde europeo?” por Wilfried Telkamper, eurodiputado del grupo verde.

12,00 h.: Clausura. Actuación del grupo musical Pallamallada. Entrega de Diplomas

Elaborado por:

Nova Escola Galega

Coordenan este número:

Xosé Manuel Cid

Manuel Bragado

Antón Fernández

Carmen Pereira

Humor:

Xoan Manuel Andrade

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

